

Roberto Blanco Torres

Basilio Losada

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LOSADA, BASILIO (2011 [1999]). “Roberto Blanco Torres”. *A Palloza. Revista Cultural Galega*: 2, 9-10. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/775>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LOSADA, BASILIO (1999). “Roberto Blanco Torres”. *A Palloza. Revista Cultural Galega*: 2, 9-10.

* Edición dispoñíbel desde o 12 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ROBERTO BLANCO TORRES

por BASILIO LOSADA CASTRO
(Catedrático de Filología Galaico-Portuguesa da Universidade de Barcelona)



Retrato de R. BLANCO TORRES,
autor homenaxeado na Edición das Letras Galegas 1999

A Real Academia Galega acordou neste 1999 adicar as conmemoracións do día das Letras Galegas ó xornalista e poeta Roberto Blanco Torres. A diferenza de outros anos, no que se lembraba a un escritor de obra ampla e ben coñecida, a figura elixida este ano non é valorada dabondo polo común das xentes de Galicia. Podemos dicir que Blanco Torres era un descoñecido para moitos, mesmo para algúns dos que len habitualmente libros galegos. En realidade, ó que quería lembrar a Academia era o labor escuro e constante dun xornalista dos anos de entreguerra, galeguista e demócrata, que, por selo, morreu asesinado no mes de outubro de 1936. Blanco Torres foi un gran xornalista, un home de ben, demócrata e galego. Só por isto o mataron. Aínda hoxe non se sabe onde está enterrado. Os asesinos decidiron soterrar ó morto antes de que a familia poidese identificalo. Morreu Blanco Torres por amar ó seu país e por pensar que España podía vivir en democracia. Morreu como tantos, como Lustres Rivas, como Vitor Casas, como Xoán Xesús González, como Anxel Casal, como Alexandre Bóveda, como Camilo Díaz Balaño, vítimas do odio fraticida.

En certa maneira, na conmemoración adicada a Blanco Torres, ríndese homenaxe a todos os galegos demócratas - escritores ou obreiros, labregos ou estudantes que foron vítimas da crueldade cega e tola daquela guerra incivil.

A maior parte da obra de Blanco Torres está en castelán. Era xornalista, e daquela os xornais apenas admitían colaboracións esporádicas en galego. Con todo, unha parte da súa obra xornalista está na nosa lingua, e toda ela, en castelán ou en galego, marcada pola improta da democracia e do galeguismo. Foi emigrante en Cuba -saliu de Galicia cando tiña 15 anos- e alí naceu a súa vocación literaria. Colaborou día a día nos mellores periódicos de Galicia -Galicia, El Pueblo Gallego, El Noroeste- e de Madrid -El Sol-. Parte da súa obra foi recollida en 1930 baixo o título de De esto y de lo otro. Os artigos deste libro son aínda hoxe unha lección de humanidade e honradez. Pensemos, por exemplo no titulado Idioma, enseñanza, escuelas, ou en La emigración y sus traficantes, ou La ciudad y el campo.

Foi un xornalista íntegro, destemido, respetuoso coa xusticia. Matárono por iso.

En galego publicou Orballo de medianoite (1929), poesía máis preocupada pola eficacia da mensaxe, polo maxisterio ideolóxico que polo aduvío formal. O seu mestre foi Miguel de Unamuno, e como o rector salmantino foi Blanco Torres un home combativo que nunca tolerou a inxusticia.

Por iso foi vítima dela. Os seus asesinos nin se atreveron a xuzgalo. Cando saía da prisión; indultado, achegáronse a él catro ou cinco fascistas, metérono nun coche e matárono vilmente. Matárono por medo á súa voz.

Agora vai ser recollida toda a súa obra. Vanse publicar os artigos dispersos, recolleráanse poemas inéditos e poderemos así reconstruír o perfil cabal desta figura esquecida. Foi gobernador civil de Palencia, e deixou nesta cidade a imaxe dun home aberto, dialogante, eficaz na administración pública, republicano e demócrata convencido.

Só os ineptos, os corruptos, os venais, eran obxecto da súa crítica, entón, si, aceda e despiadada.

Coa recuperación da figura e da obra de Roberto Blanco Torres da Galicia un paso máis no coñecemento de si mesma. Un mártir da democracia que pode ser exemplo para todos.

Basilio Losada.